



Bases do premio MELLOR PROXECTO TIC CON BENEFICIOS SOCIAIS 2016

OBXECTIVO DO PREMIO

A **ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA (AETG)**, en colaboración coa **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)**, convoca unha nova edición do **premio MELLOR PROXECTO TIC CON BENEFICIOS SOCIAIS 2016**, destinado a recoñecer os mellores proxectos no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación que contribúan e aporten beneficios á sociedade.

Preténdese con este premio distinguir ás **iniciativas de innovación social de base tecnolóxica** que desenvolvan solucións TIC no campo da accesibilidade e as tecnoloxías da información e a comunicación apoiando a **igualdade de oportunidades**, a **inclusión dixital** e/ou dean resposta ás **demandas sociais dirixidas á mellora da saúde, da autonomía persoal e do benestar e a calidade de vida**.

Deben estar especialmente destinados a potenciar o fomento das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) accesibles, e diminuír a fenda dixital a través da accesibilidade das tecnoloxías, ou a poñer en marcha iniciativas empresariais ou sociais de desenvolvemento, fabricación ou servizos, que incorporen un elevado nivel do uso das TIC cuxos produtos e/ou servizos TIC melloren a calidade da vida das **persoas con discapacidade, persoas maiores, persoas desempregadas, persoas dependentes, persoas con enfermidades crónicas, mulleres do rural...**, e en xeral das **persoas en risco de exclusión social e/ou dixital**.

Estes premios buscan mostrar o recoñecemento público das boas prácticas na área das TICs, para que sean un factor de mellora continua da nosa actividade social. Asemade recoñécese a aplicación da tecnoloxía en proxectos con impacto social positivo.

O premio de Mellor proxecto TIC con beneficios sociais 2016 é un incentivo para recoñecer as accións emprendidas por empresas, entidades ou particulares para que as persoas e comunidades que integran a nosa sociedade poidan ser parte da sociedade da información e do coñecemento mediante o acceso, uso e apropiación das TIC.

CARACTERÍSTICAS DOS PREMIOS

O Premio ao mellor proxecto TIC con beneficios sociais terá un carácter honorífico. Entregarase unha placa conmemorativa e difundirase o premio e a actividade do gañador a través dos medios de comunicación autonómicos.

Así mesmo, o xurado resérvase o dereito de declarar o premio deserto no caso de non recibir candidaturas que cumpran os criterios de calidade esixidos.



A participación no Premio ao “Mellor proxecto TIC con Beneficios Sociais 2016” supón a aceptación íntegra das presentes bases.

BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a este premio, as persoas físicas, entidades ou pequenas e medianas empresas, tanto de forma individual como conxunta ou con traballos de equipo, con sede en Galicia.

ÁMBITO DA CONVOCATORIA

- Cada empresa, persoa ou entidade poderá presentar unha ou máis candidaturas
- Os proxectos poderán presentarse de forma individual ou colectiva, se fosen desenvolvidos en colaboración.
- Poderán aspirar ao Premio aqueles proxectos do ámbito das tecnoloxías da Información e Comunicacions que:
 - Estean destinados a potenciar o fomento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) accesibles, a diminuír a fenda dixital a través da aplicación e uso das TIC, ou a poñer en marcha iniciativas empresariais ou sociais que faciliten solucións ás demandas sociais incorporando un elevado nivel de uso das TIC.
 - Melloren a calidade da vida das persoas con discapacidade, persoas maiores, persoas desempregadas, persoas dependentes, persoas con enfermidades crónicas, mulleres do rural..., e en xeral das persoas en risco de exclusión social e/ou dixital.
 - Fosen desenvolvidos e implantados durante os dous últimos anos e se caracterizaran polo seu carácter innovador, premiando o sentido da iniciativa e creatividade.
 - Sexan de aplicación práctica e aporten algún beneficio social perfectamente identificable mellorando a calidade de vida da sociedade en xeral ou dun colectivo específico e concreto da mesma.
 - Estean finalizados no momento de presentar a súa candidatura
 - Teñan continuidade no tempo, non tratándose dunha acción illada.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR

- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, segundo Anexo I
- Memoria ou resumo explicativo do proxecto (máximo 5 folios). Descrición técnica do proxecto.

PRESENTACIÓN E PRAZO DE ENTREGA

Para que a candidatura sexa admitida deberá estar debidamente cumprimentada de forma OBLIGATORIA a través da solicitude de participación posta a disposición de todos os interesados na



web da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, sendo a memoria ou resúmo explicativo do proxecto información complementaria.

Ambos documentos enviaranse por correo electrónico, indicando en Asunto: "Premio BENEFICIOS SOCIAIS", ás direccións:

administracion@aetg.gal

administracion@coetg.gal

O prazo de recepción das candidaturas rematará o luns 18 de xullo de 2016 ás 9:00 horas.

A información consignada no Formulario de Inscripción, deberá conter o maior número posible de datos cuantitativos, e toda información adicional que se considere relevante, para permitir, desta forma, unha mellor avaliación.

As candidaturas serán avaliadas con base á información que se presente, o resultado desa avaliación será unha consecuencia directa da calidade da información presentada e dos aspectos cuantitativos e mensurables desta.

En caso de consideralo necesario, a organización poderá solicitar comprobación ou información adicional sobre calquera das candidaturas recibidas.

O xurado poderá descartar aquela candidatura que, ao seu entender, non corresponda á temática presentada.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Despois do peche de presentación de candidaturas, o Xurado avaliará os proxectos segundo os seguintes criterios:

- Presentación e claridade da exposición.
- Calidade da proposta.
- Grao de innovación tecnolóxica ou científica
- Resolución de retos sociais
- Orixinalidade e carácter innovador da idea
- Público obxectivo que se vería beneficiado pola solución do proxecto
- Participación efectiva das persoas beneficiarias da solución TIC na definición, experimentación, desenvolvemento ou proba
- Aplicabilidade e pragmatismo para a obtención de resultados nos colectivos aos que vai dirixido



- Transversalidade do proxecto
- Tecnoloxías utilizadas e madurez das mesmas, valorando preferentemente os sistemas abertos, estándares universais e gratuítos
- Coste asequible para o usuario final
- Fomento ou cooperación entre empresas e outros axentes implicados na cadea de valor.
- Viabilidade
- Grao de comercialización

COMPOSICIÓN DO XURADO E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DO PREMIO

O Xurado encargado da adxudicación do premio estará formado por cinco membros: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario e un vogal. Exercerán como Presidente e Vicesecretario do Xurado dous membros da AMTEGA e como Vicepresidente e Secretario dous membros da AETG, designados polas respectivas entidades; e como vogal un experto independente elixido de común acordo entre elas.

Entre todas as candidaturas recibidas, e sempre que se axusten ao establecido nos puntos anteriores, seleccionaranse as candidaturas finalistas que serán valoradas polo un xurado. Dito xurado, que poderá ser asesorado por un comité técnico, elixirá entre os finalistas ao galardoado.

A decisión do xurado será inapelable.

PUBLICACIÓN DO FALLO E ENTREGA DO PREMIO

A entrega do premio terá lugar durante o transcurso da XXI Noite Galega das Telecomunicacións e a Sociedade da Información 2016.